



Inicio &gt; Institucional

Martes, 28 de setembro do 2010

Nun congreso auspiciado pola Unesco e a Unión Internacional de Ciencias Xeolóxicas

## Cen investigadores de quince países intercambian no campus coñecementos sobre riscos e recursos dos fondos mariños

O encontro, coordinado por Federico Vilas e Ana Bernabeu, prolongarase ata o venres

### D. Besadío | Vigo

Arredor de cen investigadores procedentes de quince países -Canadá, Arxentina, Brasil, Australia, España, Portugal, India e Marrocos, entre outros- reúnen-se esta semana no campus no congreso anual de seguimento do **IGCP 526**, un programa mundial co que a Unesco e a Unión Internacional de Ciencias Xeolóxicas buscan facilitar a colaboración internacional entre científicos dedicados ao estudo do fondo mariño, portador de recursos tan importantes coma hidrocarburos, áridos ou diamantes, pero tamén fonte de numerosos riscos, os tsunamis entre os máis importantes.

Baixo a coordinación xeral dos profesores Federico Vilas e Ana Bernabeu, do **grupo de investigación GEOMA**, dende hoxe e ata o vindeiro venres farán unha posta en común de todos o traballos levados a cabo dende os diferentes países sobre os riscos, tanto para a xente, como as infraestruturas e o propio medio ambiente; os recursos, tanto minerais e agregados como vivos, no que a cartografía de hábitats se refire, e rexistros no pasado das plataformas continentais, en referencia, por exemplo, "ao estudo das zonas onde na antigüidade houbo asentamentos humanos e, posteriormente, quedaron invadidas polo ascenso do nivel do mar", subliñou Vilas.

### Apertura oficial

O encontro iniciouse a primeira hora da mañá no Edificio Miralles, onde se desenvolve o programa de conferencias, e ata alí se desprazaron a vicerreitora de Investigación, Asunción Longo, e o decano da Facultade de Ciencias do Mar, Jesús Souza Troncoso, xa que, tal como apuntou Longo, "esta temática ten un interese estratéxico para a Universidade de Vigo", ao que Souza engadiu que é prioritario seguir avanzando no estudo destas temáticas "tanto no que respecta aos recursos como aos riscos, xa que non podemos esquecernos de que a maior parte da poboación da terra vive moi preto da costa".

Acompañados polos coordinadores do encontro, Vilas e Bernabeu, a apertura oficial contou tamén coa participación do profesor da Universidade de Sao Paulo Michael Micaelovitch Mahiques quen, ademais de lembrar o paso do congreso por países como Australia ou seu Brasil natal, subliñou a importancia de facer esta posta en común dos proxectos a apenas un ano de finalización do programa.

### Resultados a nivel galego

Punto de encontro de diferentes estudos internacionais, os investigadores do grupo Geoma serán os encargados de expor os resultados dos últimos traballos que levaron a cabo na plataforma continental galega. Entre outros, avanzarán os froitos dun proxecto que tiña como obxectivo estudar a posible presenza nesta plataforma de minerais pesados, "un proxecto no que, se ben a nivel científico atopamos cousas moi interesantes relacionadas coa parte máis sedimentolóxica, descartamos a presenza de minerais con un volume suficiente como para que merecese a pena explotalos", explica a profesora Belén Rubio, integrante de Geoma.

Papel importante terá tamén os numerosos traballos sobre paleoclima, unha ferramenta moi importante de valoración do que está a acontecer co cambio climático, xa que "a única forma de ver cal é a achega dos homes ao cambio climático é ver como se produciron os cambios climáticos ao longo do tempo sen esa interacción humana", subliña Daniel Rey, integrante tamén de Geoma, "estudando o pasado podemos ver se nos estamos desviando dos trazos nos que se produce de forma natural", puntualizou.

Outra liña de investigación na que están a traballar e que terá tamén o seu reflexo no congreso é a do transporte sedimentario na ría, onde tratan de establecer un patrón de transporte de sedimentos moi condicionado pola importancia clave que teñen as ondas e as súas diferentes condicións dependendo das diferentes circunstancias atmosféricas.

### Actividades a bordo

Previamente ao inicio do congreso este luns tivo lugar un curso sobre técnicas de mostraxe e análise xeoquímica de sedimentos mariños impartido pola profesora Belén Rubio e ao que asistiron 17 investigadores de diferentes países. Co obxectivo proporcionar unha visión sintética do know-how de todas as cuestións relacionadas coa mostraxe de sedimentos e análise, o curso dividiuse en dúas partes, unha parte teórica e outra práctica no mar, "onde recolleamos numerosas mostras para logo analizar no laboratorio cun aparato de última xeración", destacou Rubio.

Ademais desta actividade, o programa do congreso inclúe unha saída de campo, neste caso, ao Parque Nacional das Illas Atlánticas, onde a bordo dun buque se ilustrará aos participantes sobre a historia xeolóxica da Ría de Vigo.